

DEZ COELLIÑOS

Texto e ilustracións de MAURICE SENDAK

Tradución de IAGO NICOLÁS

Encadernado en cartón. 17 x 22,5 cm. 32 páx. 15 €

Dez coelliños (galego)

ISBN 978-84-1343-362-2. Álbum ilustrado. Tras os montes.

Diez conejitos (castelán)

ISBN 978-84-1343-363-9. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

Deu conllets (català)

ISBN 978-84-10387-08-9. Álbum ilustrado. Clàssics contemporanis.

Un álbum divertido, cheo de maxia e humor co que aprender a contar do un ao dez cara adiante e cara atrás.

Mino avanza, fai unha reverencia, amosa o seu chapeu baleiro e, por arte de maxia, co toque da súa varíña vai saíndo un coello, e outro, e outro máis... Os primeiros divírtelle e mesmo se gaba da súa mestría artística, pero cantos máis coellos saca da súa chistera, o seu malestar vai en aumento: inquedoso e rebeldes, estes orelludos animais brincan enriba da súa cabeza, cóanselle entre as pernas e ata chegan a cubri-lo por completo. «Dez coelliños» de Maurice Sendak é un relato visual que, cun mínimo apoio narrativo, anima a contar do un ao dez en sentido crecente e decrecente, e a coñecer a grafía dos números.


Así, tralo décimo coello, o mago Mino fainos desaparecer un a un, exteriorizando o seu disgusto cun truco que se lle foi das mans e recuperando o sorriso pouco a pouco a medida que avanza a resta.

O humor é a principal calidade desta obra publicada en España en 2024, doce anos despois do pasamento do autor.

Agás polos tons azuis, ocre e grises que colorean os coellos, predominan o branco e negro. Tamén sobresaie por amosar dun xeito expresivo o amplo abano de emocións —dende a presunción inicial ata a desesperación e a impotencia posteriores— que experimenta o personaxe principal. Precisamente, o neno desta historia —alter ego do propio Sendak— identifícase cos protagonistas de «Onde viven os monstros», «Na cociña de noite», «O un era Xoán», «Sopa de polo con arroz» ou «Miguel, conto exemplar».

«Dez coelliños» é, por tanto, un libro co que iniciar as nenas e os nenos máis cativos na obra deste xenial autor e que sigan descubrindo os seus clásicos imprescindibles.

MAURICE SENDAK DEZ COELLIÑOS



- **Temática:** os números do un ao dez.
- **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.
- **Aspectos destacables:** contar en sentido ascendente e descendente, suma, resta; humor, emocións; maxia; do autor e ilustrador de «[Onde viven os monstros](#)», «[Na cociña de noite](#)», «[Máis alá da fiestra](#)», «[Chancho-Pancho](#)», «[El letrero secreto de Rosie](#)», «[En el vertedero](#)», «[La ventana de Kenny](#)», «[Dídola Pídola Pon](#)», a Minibiblioteca, e ilustrador de «[Osos](#)», «[Un hoyo es para escarbar](#)», a serie «[Osíño](#)» e «[Zlateh, la cabra y otras historias](#)», entre outros títulos.
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/dez-coelli-os-g-maurice-sendak>

Maurice Sendak

(Brooklyn, Nova York, 1928 - Connecticut, 2012)

Dende 1951 realizou máis de 90 libros infantís, unha prestixiosa traxectoria pola que recibiu en 1970 o Premio Andersen e o Premio Laura Ingalls Wilder en 1983. En 1996 o goberno dos Estados Unidos entregoulle a Medalla Nacional das Artes e en 2003 concedéronlle o Premio Internacional Astrid Lindgren de Literatura Infantil, xunto coa autora austríaca Christine Nöstlinger. Estudou Pintura e Debuxo no Art Students League de Nova York. Conseguiu o seu primeiro emprego como ilustrador para All America Comics e en 1951 comezou a traballar como ilustrador para a editora Harper & Brothers. Impulsou unha gran revolución no panorama literario infantil polas ideas, a forma e o contido dos seus libros.

<https://www.sendakfoundation.org>

